

Real Decreto-lei 4/2013, de 22 de
febreiro de medidas de apoio ó
empendedor e de estímulo do
crecemento e da creación de
emprego (BOE. Núm. 47 do 23 de
febreiro de 2013)



Título I. Medidas de desenvolvemento da estratexia de emprendemento e emprego xove

✓ **Fomento do emprendemento e o autoemprego**

✓ **Incentivos fiscais**

✓ **Estímulos á contratación**



Fomento do emprendemento e autoemprego



1 Reducións e bonificacións á seguridade social (aplícase sobre a cuota por contingencias comúns, agás na incapacidade temporal, por un período máximo de 30 meses) ós mozos/as traballadores/as menores de 30 anos por conta propia, segundo a seguinte escala:

- a) Unha redución equivalente ó 80% da cota durante os 6 meses inmediatamente seguintes á data de efectos do alta.
- b) Unha redución equivalente ó 50% da cota durante os 6 meses seguintes ó período sinalado na letra a).
- c) Unha redución equivalente ó 30% da cota durante os 3 meses seguintes ó período sinalado na letra b).
- d) Unha bonificación equivalente ó 30% da cota nos 15 meses seguintes á finalización do período de redución.

Non se aplica ós traballadores discapacitados por conta propia que empreguen a traballadores por conta allea.

Tamén é de aplicación ós socios traballadores de Cooperativas de Traballo Asociado do Réxime Especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos

Fomento do emprendemento e autoemprego



*2 Reducións e bonificacións á seguridade social (aplícase sobre a cota por continxencias comúns, agás na incapacidade temporal, por un período máximo de 5 anos) a **traballadores con discapacidade igual ou superior 33% menores de 35 anos** que se establezan por conta propia segundo a seguinte escala:*

- a) Unha redución equivalente ó 80% durante os 12 meses inmediatamente seguintes á data de efectos do alta.
- b) Unha bonificación equivalente ó 50% durante os catro anos seguintes.

Non se aplica ós traballadores discapacitados por conta propia que empreguen a traballadores por conta allea.

Tamén é de aplicación ós socios traballadores de Cooperativas de Traballo Asociado do Réxime Especial da Seguridade Social dos traballadores por conta propia ou autónomos

Fomento do emprendemento e autoemprego



Compatibilización polos menores de 30 anos da percepción da prestación por desemprego co inicio dunha actividade por conta propia, por un máximo de 270 días, ou polo tempo inferior pendente de percibir, sempre que se cumpran os requisitos e condicións seguintes:

- a) Ter menos de 30 anos na data de inicio da actividade por conta propia e non teña traballadores ó seu cargo.
- b) Que se solicite no prazo de 15 días a contar desde a data de inicio da actividade por conta propia.

Posibilidade de destinar a mesma ós gastos de constitución e posta en funcionamento, pago de taxas e prezo de servizos de asesoramento, formación e información.

Non existe limite cando:

- √ Se destine o 100% a realizar aportacións de capital social dunha entidade mercantil de nova constitución ou constituída no prazo máximo de 12 meses antes.
- √ Quedan excluídos: cando quenes teñan mantido vínculo contactual previo ós trade (traballadores autónomos economicamente dependentes) que teñan suscrito contrato rexistrado en SPEE.

Fomento do emprendemento e autoemprego



Suspensión e reanudación do cobro da prestación por desemprego tras realizar unha actividade por conta propia:

Cando o traballador realice un traballo por conta allea de duración inferior a 12 meses, ou realice un traballo por conta propia de duración inferior a 24 meses ou inferior a 60 meses no suposto de traballadores por conta propia menores de 30 anos de idade que causen alta inicial no Réximen Especial da Seguridade Social dos Traballadores por Conta Propia ou Autónomos ou no Réxime Especial dos Traballadores do Mar.

Incentivos fiscais



Incentivos para entidades de nova creación

As entidades constituídas a partir do 1 de xaneiro de 2013 tributarán no 1º período impositivo con arranxo a seguinte escala:

- a) Pola parte de base impoñible comprendida entre 0 e 300.000 euros, ó tipo do 15 %.
- b) Pola parte de base impoñibles restante, ó tipo do 20%.

Incentivos no ámbito do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas

- a) Supresión límite de 15.500 euros aplicable a exención das prestacións por desemprego de pago único, así como a regra de imputación temporal.
- b) Reducción do 20% rendemento neto cando o inicio da actividade económica se produza a partir do 1 de xaneiro de 2013.



Estimulos á contratación

Incentivos á contratación a tempo parcial con vinculación formativa.

Colectivo: desempregados menores de 30 anos que celebren contratos con empresas ou traballadores autónomos que cumpran os seguintes **requisitos:**

- a) Non ter experiencia ou que ista sexa inferior a 3 meses.
- b) Proceder doutro sector de actividade.
- c) Estar desempregado inscrito ininterrumpidamente 12 meses nos últimos 18 meses.

Os traballadores terán que compatibilizar emprego e formación ou tela cursado 6 meses antes. O contrato terá que celebrarse por tempo indefinido ou por duración determinada. A xornada non poderá ser superior ó 50 % da correspondente a un traballador a tempo completo comparable.

Duración: a empresa terá que manter o emprego polo menos un período equivalente á duración de dito contrato cun máximo de 12 meses desde a súa celebración.

Incentivos:

- ✓ En empresas de menos de 250 traballadores: redución do 100% da cota por contingencias comúns do traballador.
- ✓ Empresas de 250 traballadores ou máis: redución do 75% da cota por contingencias comúns do traballador



Estímulos á contratación

Contratación indefinida dun mozo por microempresas e empresarios autónomos.

Colectivo: empresas, traballadores autónomos que contraten indefinidamente (tempo completo ou parcial), a desempregados menores de 30 anos.

Requisitos:

- √ Empresas e autónomos con plantilla igual ou inferior a 9 traballadores.
- √ Sen vínculo laboral anterior.
- √ Non ter adoptado decisións extintivas dende o 24/02/2013.
- √ Non ter celebrado outro contrato con anterioridade.
- √ A empresa deberá manter no emprego ó traballador durante 18 meses e o nivel de emprego 12 meses.

Incentivos: redución do 100% da cota empresarial á seguridade social por continxencias comúns durante o primeiro ano de contrato.



Estímulos á contratación

Incentivos á contratación en novos proxectos de emprendemento xove

Colectivo: traballadores autónomos menores de 30 anos.

Requisitos:

- √ Non ter traballadores asalariados.
- √ Contraten por 1ª vez, a tempo completo ou parcial, con carácter indefinido.
- √ A desempregados de 45 ou máis anos inscritos ininterrumpidamente como desempregados polo menos 12 meses dentro de 18 meses ou sexan beneficiarios do programa de recualificación profesional das persoas que agoten a súa protección por desemprego.
- √ Hai que manter o emprego do traballador 18 meses.
- √ Soamente se poderá aplicar unha bonificación ou redución da cota da seguridade social no caso que o traballador tivese dereito a varias delas. Neste caso é elección do beneficiario.



Estímulos á contratación

Primeiro emprego xove

COLECTIVO: empresas que celebren contratos temporais con mozos desempregados menores de 30 anos.

Requisitos:

- √ Non ter experiencia laboral ou si ésta é inferior a 3 meses non ter experiencia laboral.
- √ Celebrar un contrato temporal que se transforme en indefinido unha vez transcurrido un prazo mínimo de 3 meses os contratos se rixen polo artigo 15.1.b) do ET: duración mínimo do contrato 3 meses e máximo 6 meses ata 12 meses.
- √ Que a xornada sexa completa ou parcial, neste último caso dita duración non pode exceder o 75%.
- √ As empresas non terán esgotado situacións extintivas nos 6 meses anteriores á celebración do contrato.
- √ A empresa deberá manter o nivel de emprego acadado coa transformación en indefinido polo menos 12 meses.

Incentivos: cando transcurra 3 meses desde a celebración do contrato, estes se transformen en indefinidos terán dereito:

- bonificación da cota empresarial do 41,76 €/mes durante 3 anos.
- se o contrato é cunha muller a bonificación será de 58,33 €/mes durante 3 anos
- A xornada deberá ser polo menos do 50%.



Estímulos á contratación

Incentivos ós contratos en prácticas para o primeiro emprego

Colectivo: Empresas ou traballadores autónomos que celebren contratos con mozos desempregados menores de 30 anos.

Requisitos:

- Ter rematado os estudos nun período non superior ós 5 ou máis anos.

Incentivos:

Redución do cota empresarial da seguridade social por continxencias comúns correspondente ó traballador contratado:

- 50% durante toda a vixencia do contrato.
- 75% se o traballador está realizando prácticas non laborais segundo RD 1543/2011, de 31 de outubro no momento da concertación do contrato de prácticas.



Estímulos á contratación

Incentivos á incorporación de mozos a entidades da economía social

Colectivos: cooperativas, sociedades laborais, empresas de inserción que contraten a menores de 30 anos desempregados.

Incentivos:

-Bonificación na cota empresarial da seguridade social durante 3 anos cuxa contía será de 66,67 euros/mes (800 €/ano), é aplicable ás cooperativas ou sociedades laborais.

-Bonificacións en cada cota empresarial aplicable a empresas de inserción cando suscriban contratos con persoas menores de 30 anos en situación de exclusión social, de 137,50 €/mes (1.650 €/ano) durante toda a vixencia do contrato ou durante 3 anos en caso de contratación indefinida.

Real Decreto-lei 4/2013, de 22 de febreiro de medidas de apoio ó emprendedor e de estímulo do crecemento e da creación de emprego (BOE. Núm. 47 do 23 de febreiro de 2013)

Máis información no seguinte enlace:

<http://www.boe.es/boe/dias/2013/02/23/pdfs/BOE-A-2013-2030.pdf>